

A remilitarización de Xapón

Masashi Oki

A política xaponesa mudou en moitas ocasións ao longo dos últimos 10 anos. Agora, no seu parlamento existen moitas ideas e iniciativas que reflexionan e discuten sobre a orientación da súa política na escena mundial no século XXI. Incluso, no mesmo partido no poder, o Partido Liberal Democrático (PLD), existen tres grandes grupos, cada un cunha visión distinta dos asuntos exteriores.

O *primeiro grupo* inclúe a aqueles que aspiran a conservar unha boa relación con Estados Unidos e desexan sentirse protexidos baixo o manto de seguridade de Washington. Tanto económica como militarmente, este grupo recibe moitas influencias de Estados Unidos, dende as ideas de liberalización do mercado ata o mantemento das bases militares.

No caso do *segundo grupo*, as súas ideas son diametralmente opostas aos anteriores, xa que incorporan a aqueles que se queren independizar dos Estados Unidos e desexan que Xapón sexa un país forte na escena internacional, tal e como xa o foi antes da Segunda Guerra Mundial. Este sector considera que a actual Constitución de Xapón foi forzada polo comandante supremo das Forzas Aliadas no momento en que Xapón perdeu a guerra. Así, pensan que, ata agora, os xaponeses foron educados por Estados Unidos para que non protesten contra eles e nunca máis se inclinen pola guerra.

Un *terceiro grupo* corresponde a aqueles que queren establecer unha boa relación con China, evitando a percepción de observar a este país como o inimigo tradicional de Xapón. Así, manifestan o seu temor a un conflito con China, tomando en conta o ascenso deste país na escena internacional.

Tres gobernos, tres visións

Un factor importante para analizar a recente evolución das relacións exteriores xaponesas é o feito de que, nos derradeiros sete anos, Xapón tivo tres primeiros ministros, cada un cunha visión diferente das relacións exteriores.

O primeiro foi o goberno de Junichiro Koizumi (2002-2006), líder do *primeiro grupo* antes mencionado dentro do PLD. Koizumi estableceu unha boa relación co presidente estadounidense George W. Bush, a través da cooperación internacional militar contra o terrorismo, é dicir, a participación das Forzas Armadas de Autodefensa de Xapón no control de Iraq. Koizumi tamén impulsou a privatización de servizos públicos como o correo no marco dunha asunción parcial das pautas neoliberais.

Posteriormente ascendeu ao poder Shinzo Abe (2006-2007), o líder do *segundo grupo* dentro do PLD. Abe impulsou moitas leis destinadas a cambiar totalmente a política xaponesa, repetindo os lemas “construír un país fermoso” e “emancipación do réxime de posguerra”. Así, Abe estableceu o Ministerio de Defensa e alentou a Lei de Referendo para aprobar unha nova Constitución de Xapón en que, tres anos despois da súa promulgación, é dicir en 2010, en Xapón podería celebrarse un referendo para modificar a Constitución. Paralelamente, Abe modificou a Lei Fundamental da Educación, inalterada durante 60 anos.

O terceiro goberno é o actual de Yasuo Fukuda, líder do denominado *terceiro grupo* do PLD e que foi nomeado como primeiro ministro en setembro de 2007. Fukuda ascendeu despois da reforma impulsada por Abe, por iso desexaba unha maior estabilidade política tanto interior como exterior. A fin de manter unha relación cordial con China, Fukuda evitou facer acto de presenza no Yasukuni Jinja, un santuario para os militares xaponeses que morreron durante a II Guerra Mundial, dado que as anteriores visitas de primeiros ministros nipóns causaron protestas e irritación en Beijing, por considerar que se respectaban as almas dos principais artífices que danaran aos países asiáticos durante o expansionismo xaponés na II Guerra Mundial.

Xapón está actualmente inmerso nun gran debate entre estas tres tendencias na súa política exterior. Non obstante, semellan imporse as ideas do *segundo grupo*, o que defende a idea dun Xapón forte no sistema internacional. Aínda que o país está amosando tranquilidade, polo menos momentaneamente grazas á xestión de Fukuda, o grupo liderado por Shinzo Abe, con forza, está tentando gañar terreo politicamente.

A isto débese engadir que o sistema mundial está cambiando pouco a pouco. Xapón amosaba certo silencio sobre o tema das potencias militares a nivel global, principalmente sobre a posesión da bomba atómica. Con todo, como China está aumentando a súa potencialidade política e militar e a veciña Corea do Norte tamén posúe un programa nuclear, Xapón amósase ameazada, roldando co perigo, razón pola cal comezou a reflexionar con seriedade sobre a súa seguridade nacional.

Asemade, Estados Unidos está levando a cabo as negociacións con Corea do Norte sen escoitar a opinión de Xapón e sen respectar a situación interna xaponesa. Así, a relación entre Xapón e Estados Unidos está máis fría ca antes, é dicir, a súa tradicional alianza comeza a amosar fendas. Esta realidade internacional está persuadindo aos defensores do denominado *segundo grupo* a ocupar o escenario político en Xapón, a fin de propiciar unha nova política e un liderado forte.

Tentaremos analizar este novo fenómeno que ascendeu nos derradeiros 15 anos na política xaponesa, especificamente no relativo ás mudanzas no eido militar. Así, suprimírase a evolución despois da II Guerra Mundial, debido a que estes cambios comezaron xusto cando Xapón perdeu a última guerra e podería ser que aparecesen antes doutra hipotética confrontación mundial.

Democracia entregada

O 15 de agosto de 1945, o pobo xaponés coñeceu a súa derrota na Guerra do Pacífico, a través dunha mensaxe radiofónica do emperador Showa (Hiroito). Facía 9 días que Estados Unidos lanzara unha bomba atómica sobre Hiroshima e morreran un terzo dos seus habitantes, un total de 118.661 persoas. Ao cabo de tres días foi lanzada outra bomba atómica sobre Nagasaki, custando a vida a 73.884 habitantes. A isto deben engadirse as vítimas de Okinawa, o único lugar onde desembarcaron as tropas aliadas baixo o mando estadounidense e que foi campo de batalla en Xapón. As vítimas en Okinawa ascenderon a 244.136 incluídos 94.754 civís. En total, máis de 1.850.000 xaponeses morreron na guerra⁽¹⁾.

Rematado o conflito, EUA impuxo un novo sistema político, económico e militar para Xapón. Esta política, dada a coñecer o 22 de setembro de 1945, tiña dous obxectivos: desmilitarización e democratización. As reformas construíron un novo sistema político e económico baixo os parámetros estadounidenses, dando paso a unha posterior reacción por parte dalgúns xaponeses.

As reformas eran moi grandes e amplas. No mundo da economía disolvéronse os grandes consorcios financeiros (*Zaibatsu*), tales como Mitsubishi, Mitsui, Sumitomo e Yasuda, e impúxose unha Lei Antimonopolio en vigor a partir de 1947. No sector da educación, aplicouse a Lei Fundamental da Educación, tamén en vigor desde 1947, e os mestres obrigaron aos seus alumnos a borrar con tinta chinesa nalgunhas liñas dos seus libros de texto que tiñan expresións militaristas. Pola súa banda, no político, impúxose a Constitución de Xapón, en vigor dende maio de 1947 a través dun proceso escrito na Constitución do Imperio do Gran Xapón, a Constitución Meiji.

Na Constitución de Xapón resaltouse a soberanía nacional, o respecto aos dereitos básicos, o pacifismo, a posición do Emperador como un símbolo nacional e de integración dos pobos xaponeses. No proceso de reformas, o comandante supremo das Forzas Aliadas (CSFA), que recibiu a soberanía indirecta de Xapón durante 6 anos e 9 meses ata que se concertou o Tratado de San Francisco en 1952, tiña moita influencia. Por iso, moitas persoas en Xapón consideran que a democracia aplicada despois da Segunda Guerra Mundial e a posterior Constitución foi unha imposición de Estados Unidos.

En realidade, pronto apareceron as reaccións á “democracia entregada”. Por exemplo, os *Zaibatus* únense outra vez despois da independencia de Xapón. Iso si, a maioría das leis non se cambiaron durante 50 anos, porque existía o trauma de volver ao país existente antes da Segunda Guerra Mundial. Así, impúxose a idea de ser educados baixo o prisma de que o Xapón antes da guerra era un país moi malo.

(1) *Shosetsu Nihonshi Zuroku (Documentos e esquemas detallados da historia de Xapón)*, Yamakawa Editorial, 2008, p283.

Segundo a miña propia experiencia persoal, desde hai uns 15 anos existía en Xapón unha atmosfera destinada a non falar abertamente en público sobre determinados temas como a guerra, os asuntos militares ou o emperador, unha sensación aínda existente no país. Despois da derrota na Segunda Guerra Mundial, en Xapón séguese mantendo oficialmente a idea do “país democrático e pacífico” que Estados Unidos dispuxo.

Non obstante, as reformas aplicadas xusto despois da guerra están agora cambiando pouco a pouco. A Lei Fundamental da Educación foi modificada en 2007 e agora, incluso a propia Constitución está suxeita a cambios.

A nova Constitución

En maio de 2007 promulgouse a Lei sobre Procedemento de Emenda da Constitución de Xapón (Abreviatura: Lei de Referendo). Esta entrará en vigor tres anos despois da súa promulgación, é dicir, a partir do 18 de maio de 2010. Aínda que o artigo 96 refírese á modificación do texto constitucional, non existía unha lei concreta sobre a xestión do referendo. Tras entrar en vigor a Constitución de 1947, nunca foi obxecto de alteración. Con todo, agora, o texto está listo para ser cambiado tras máis de sesenta anos de vixencia.

Existen moitos temas en discusión que afectan a modificacións importantes: o cargo do emperador; o interese público; os novos dereitos humanos, tales como o medio ambiente, o dereito á privacidade, o dereito á educación, o dereito de propiedade intelectual, o dereito dos discapacitados, o dereito das vítimas de delitos, etc; tamén a elección pública do primeiro ministro, o sistema de ambas Cámaras; o establecemento do Tribunal de Asuntos Militares e Tribunal Constitucional, etc.

Neste sentido, o sistema que sostíña o país durante sesenta anos cambiará considerablemente nos próximos anos. No marco destes cambios, o principal será o artigo 9 e o das Forzas Armadas de Autodefensa (FAA), os máis importantes de cara a formular outras relacións internacionais.

O artigo 9 da Constitución xaponesa di o seguinte:

“Aspirando sinceramente a unha paz mundial que se basea na xustiza e a orde, os pobos xaponeses renuncian para sempre á guerra como dereito soberano da nación, e á ameaza ou o uso da forza militar como medio para resolver un conflito internacional”.

“Para realizar o obxectivo da cláusula precedente, non se manterán forzas terrestres, navais, aéreas e doutra potencia militar. Tampouco se admite o Dereito de Belixerancia do Estado”.

Este artigo foi un referente nos asuntos exteriores de Xapón e nunca foi obxecto de modificación. Estados Unidos esixiu que Xapón nunca máis desafiase a orde occidental, renunciando á potencia militar. Non obstante, o goberno xaponés

interpretaba este artigo dependendo en gran medida da situación internacional existente ao redor das illas de Xapón.

En 1950, coa Guerra de Corea, Estados Unidos esixiu o establecemento dunha unidade para autodefensa en Xapón, porque lle preocupaba a posibilidade dun ataque da Unión Soviética ao país. Así, Xapón organizou a Reserva Nacional de Policía en agosto de 1950. Despois da independencia de Xapón en 1951, aumentou a discusión sobre a súa potencialidade militar. Nese momento, os xaponeses querían respectar a Constitución, por iso tiñan dúbida se a Reserva Nacional de Policía era ou non un destacamento militar.

Cando a Reserva Nacional de Policía reorganizou a Forza Nacional da Seguridade en 1952, o primeiro ministro Shigeru Yoshida explicou que “a potencia militar a que se refire a Constitución é o equipamento e a formación orientadas a realizar unha guerra moderna. Por iso, a Forza Nacional de Seguridade é Policía, e iso non é potencia militar. Usar esta forza para defenderse dunha invasión exterior non é inconstitucional”⁽²⁾.

Ao cabo dun ano, Yoshida explicou esta cuestión do establecemento das FAA asegurando que “non vou a facer un exército que se converta nunha potencia militar”, o cal significa o nacemento das “Tropas sen Potencia Militar”. En 1954 organizou ás FAA e o goberno interpretou na cláusula segunda do artigo 9 que a potencia militar é “o que supera a autodefensa” e que “un poder de autodefensa ou inferior non corresponde á potencia militar, por iso, as FAA non son anticonstitucionais”.

A partir do establecemento das FAA, pensábase que o seu obxectivo era o mantemento da orde interna e que as forzas armadas de Estados Unidos tomarían as medidas para garantir a seguridade nacional de Xapón, a fin de repeler unha posible invasión estranxeira da illa. Todos os primeiros ministros xaponeses respectaron este sistema, non precisamente saudable para o Xapón. As FAA tampouco poden garantir o dereito á autodefensa colectiva. Por iso, se as tropas estadounidenses recibisen un ataque cerca de Xapón, as FAA non poderían atacar senón saír na súa defensa.

Segundo o artigo 52 da Constitución da ONU, os países membros teñen dereito á autodefensa individual e colectiva. Aínda que esta normativa tamén se aplicase para Xapón, o seu goberno non o pode exercer, velaí porque desexa cambiar o artigo 9 aínda que isto afecte á súa relación con Estados Unidos como á súa valoración da contribución internacional.

As Forzas Armadas de Autodefensa

En 1991, as FAA foron enviadas por vez primeira fóra do seu país tras a guerra do Golfo Pérsico. O obxectivo da súa operación no exterior foi a eliminación das minas submarinas.

(2) ABE, Shinzo: *Utsukushii Kuni E (Ao país fermoso)*, Bungei Shunjuu Editorial, 2006, p124.

Durante a guerra do Golfo non se permitía enviar ás FAA ao exterior debido a que o artigo 9 prohíbe a participación xaponesa nun conflito internacional, así como o uso das súas forzas armadas. Neste sentido, no momento do conflito bélico, Xapón só ofreceu 13.000 millóns de dólares que, a pesar da súa contribución para a liberación de Kuwait, non foi moi ben valorado nin polo goberno do emirato kuwaití nin por outros países.

A partir dese momento, Xapón deuse conta da necesidade de afrontar un proceso de potencialidade militar que permitise a súa contribución internacional, indo máis alá do mero ofrecemento de diñeiro. Para aumentar a súa presenza na sociedade internacional, Xapón pasou a sopesar a necesidade de implicar directamente as FAA, se é posible, a fin de usar as forzas militares. Así pois, o impulso actual de cambiar o artigo 9 da Constitución non veu só da idea de que Xapón quería posuír unha autodefensa suficiente senón tamén de querer contribuír á sociedade internacional e recibir unha boa cualificación do exterior.

Posteriormente, aprobouse a Lei de Cooperación coas Forzas de Paz da ONU en xuño de 1992, que permitía legalmente ás FAA a súa participación en países estranxeiros. Esta lei impoñía cinco condicións para a actuación das FAA no exterior:

- a) A existencia dun acordo de armisticio entre os países interesados.
- b) Consentimento dos países interesados na participación das Forzas de Paz da ONU e de Xapón.
- c) A observación escrupulosa de gardar a neutralidade.
- d) A evacuación inmediata se estas condicións non se cumpren.
- e) O uso mínimo das armas necesarias para a autodefensa.

En setembro de 1992, as FAA participaron por vez primeira nunha misión coas Forzas de Paz da ONU en Camboxa, cun continxente de 600 membros para obras de pavimentación de camiños e de vixilancia de colexios electorais. O goberno xaponés enviou tamén a voluntarios e policías civís. Non obstante, dous xaponeses (un voluntario e un axente policial) foron mortalmente atacados por un grupo armado. A pesar de que as FAA estaban en Camboxa, non podían garantir a seguridade dos voluntarios e os policías xaponeses, debido a que tiñan prohibido o uso das armas excepto para a autodefensa.

En 2001, a Lei de Cooperación coas Forzas de Paz da ONU foi modificada, facendo posible que as FAA podan usar as armas non só para a autodefensa senón tamén para protexer os voluntarios, os xornalistas, as personalidades importantes de goberno, as vítimas e outros membros estranxeiros das Forzas de Paz da ONU.

En xullo de 2003 entrou en vigor a Lei Especial de Medidas de Axuda para a Reconstrución Humanitaria de Iraq. Aínda que xa rematara a guerra nese país, resultaba notoria a proliferación de combates entre os insurxentes e as forzas de ocupación. Debido a que o artigo 9 prohíbe a participación nun conflito internacional, as FAA non podían ir á zonas onde se estivera combatendo. Por iso, na Dieta ou Parlamento xaponés actualmente se discute con frecuencia cal é a zona combatente e

cal non é combatente. O goberno aprobou a denominación de “conflito internacional” como aquel que implica a guerra entre Estados. O primeiro ministro dese momento, Junichiro Koizumi, considerou que a “zona non combatente é aquela en que se atopan as FAA”, como unha especie de interpretación para saír do paso.

Dous anos antes da promulgación desta lei, en outubro de 2001, despois dos atentados terroristas do 11-S, entrou en vigor a Lei Especial de Medidas contra o Terrorismo. Esta lei define a forma de axudar a Estados Unidos e outros países aliados en materia de “guerra contra o terrorismo”, tal e como se observou cos países que apoiaron o ataque a Afganistán ese mesmo ano.

Xapón enviou ás FAA marítimas ao océano Índico e axudaron nas actividades de subministro de petróleo a barcos dos países estranxeiros. Ora ben, como a Xapón lle está prohibido constitucionalmente o uso das armas, a área de actuación das FAA só podía limitarse ás zonas non combatentes, é dicir nas augas internacionais e no ceo sobre as mesmas. Koizumi defendía que a cooperación con Estados Unidos e a sociedade internacional era importante.

O seguinte primeiro ministro, Shinzo Abe, tamén continuou a súa política de modificar esta lei cada dous anos para seguir enviando as FAA ao exterior. Non obstante, a causa dos asuntos domésticos do PLD, o seu partido perdeu as eleccións lexislativas de xullo de 2007. Como o opositor Partido Democrático de Xapón (PDX) obtivo a maioría na Cámara Alta, foi difícil renovar esta lei. Tamén, dentro do PLD había membros que preparaban un novo texto que obrigaba a suspender as actividades das FAA para que esta as puidese continuar en mellores condicións. De feito, Abe dimitiu repentinamente en setembro de 2007, e a Lei Especial de Medidas contra o Terrorismo foi extinguida.

En outubro de 2007, o gabinete do seguinte e actual primeiro ministro, Yasuo Fukuda, presentou unha nova lei denominada Lei Especial de Medidas sobre a Realización das Actividades de Axuda ao Aproximación para as Actividades Marítimas contra o Terrorismo. Entrou en vigor en xaneiro de 2008. Como o PDX obtivo maioría na Cámara Alta, este rexeitou a nova lei pero a Cámara Baixa revalidou a súa aprobación inicial permitindo que saíse adiante. Era a primeira vez en 57 anos que na Dieta xaponesa levábase a cabo este tipo de votación.

As deliberacións na Dieta actual están estancadas. Con todo, mentres o partido actual estea no poder, é moi posible que se aprobe unha lei que permita o uso das armas por parte das FAA, cando menos para autodefensa.

A polémica da bomba atómica

Dende hai tempo é tabú en Xapón falar da obtención da bomba atómica, precisamente por ser este país a única vítima do uso desta arma. Tomando en conta que esta era unha visión oficial compartida polos sucesivos gobernos, non existía moita polémica sobre este tema. En 1967, o primeiro ministro, Eisaku Sato, quen

gañou o Premio Nobel da Paz, anunciou os Tres Principios Nucleares: Xapón non vai a posuír, nin fabricará armas nucleares, e tampouco vai permitir a súa presenza en Xapón. Dende entón, todos os primeiros ministros xaponeses respectaron este principio.

Por iso, cando Shichi Nakagawa, quen era presidente do Consello de Investigación sobre os Asuntos Políticos do PLD e un dos catro dirixentes principais do partido, afirmou a existencia da polémica sobre as bombas nucleares en outubro de 2006, uns días despois das probas nucleares realizadas por Corea do Norte, recibiu varios reproches da sociedade xaponesa. Nakagawa replicou que non afirmaba a existencia de armamento nuclear senón que simplemente recoñecía a existencia do debate sobre este tema.

Taro Aso, daquela ministro de Asuntos Exteriores e, posteriormente, candidato á presidencia do PLD en 2007, comentou que esta polémica existía “debido á liberdade de palabra garantida pola Constitución”. O primeiro ministro dese momento, Shinzo Abe, acentuou que o goberno non tiña un plan da revisión dos Tres Principios Nucleares e que non vai posuír a bomba atómica. Abe dixo tamén que a Constitución non prohibe a posesión de bombas atómicas para a autodefensa.

Non só no mundo político senón tamén no mundo académico aumentou a discusión sobre as armas atómicas. En setembro de 2006 publicouse o libro “Punto en Cuestión do Armamento Nuclear en Xapón: o camiño para sobrevivir na crise da existencia do Estado”⁽³⁾, de Terumasa Nakanishi, profesor de política internacional na Universidade de Kyoto. O autor considera que as relacións internacionais mudaron despois do lanzamento en xullo de 2006 do Taepodong II, Mísil Balístico Intercontinental. Anteriormente, Xapón estaba baixo o paraugas nuclear de Estados Unidos e Washington podería defender a Xapón no caso de ataque de Corea do Norte. Con todo, como se comenta no libro, no caso de que o mísil Taepodong chegara ao continente americano, Estados Unidos non podería defender con todas as súas forzas a Xapón.

Paralelamente, Xapón debe tomar en conta a reunificación da península coreana⁽⁴⁾. O goberno de Corea do Sur promove a reconciliación con Corea do Norte dende o mandato do ex presidente surcoreano Kim Dae-Jung. O seu sucesor, Roh Moo-hyun, admitiu a posesión da bomba atómica de Corea do Norte e que este asunto era de maior prioridade que a reunificación. Que significa isto? Que unha hipotética Corea reunificada tería armamento nuclear, xunto aos demais países da zona: China, Rusia, Estados Unidos e Corea, todos excepto Xapón. Por iso, Nakanishi considera necesario discutir moito sobre a bomba atómica e a disuasión nuclear, considerando todas as posibilidades.

A política nuclear de China é un problema máis grave para Xapón. Se Xapón asegura que non terá a bomba atómica, China ameazará aínda máis co seu ar-

(3) NAKANISHI, Terumasa (ed.): *Nihon Kakubusou no Ronten (Punto en Cuestión del Armamento Nuclear de Japón)*, Instituto PHP, 2006.

(4) NAKANISHI, Terumasa (ed.): *Nihon Kakubusou no Ronten (Punto en Cuestión do Armamento Nuclear de Xapón)*, Instituto PHP, 2006, p22.

mamento nuclear. Por iso, en Xapón debe fomentarse a discusión do armamento nuclear como elemento de disuasión ante China.

En decembro de 2007 publicouse outro libro interesante, “Empezou a Guerra Mundial polos Recursos”⁽⁵⁾, da autoría de Yoshiki Hidaka, membro do Comité Consultivo do Centro Taubman na Universidade de Harvard. Segundo comenta Hidaka, Xapón non necesita posuír a bomba atómica porque a situación militar do mundo cambiou no século XXI.

O libro argumenta que na segunda metade do século XX, considerouse que o armamento nuclear era máis eficiente e menos custoso. Non obstante, xa comezou unha nova época nuclear, manifestada pola preeminencia das substancias radiactivas, na que só resulta necesario o ataque aos centros de almacenamento destas substancias para conseguir o mesmo efecto militar que co uso das bombas atómicas. Polo tanto, é posible causar o mesmo dano ao inimigo a través do lanzamento dunha bomba convencional ao lugar de almacenamento.

Tomando en conta a preocupación mundial polo quecemento global e o aumento da demanda de enerxía, será cada vez máis útil a xeración e utilización da enerxía nuclear. Actualmente, existen máis de 430 reactores nucleares que corresponden ao 16% da enerxía eléctrica mundial⁽⁶⁾. Pero este número aumentará no futuro, sobre todo en China, que posúe once centrais nucleares e catro en construción. Isto significa que China ten moito risco dende o punto de vista da estratexia militar.

Hidaka afonda na polémica de que Xapón debe proverse de armamento nuclear, especificamente dun mísil capaz de atacar certeiraamente aos seus países veciños. Aínda que atacar a capital dalgúns destes países e o seu establecemento nuclear non permiten calcular o mesmo dano, a disuasión nuclear cambiará para Xapón. Tomando en conta o seu poder industrial e tecnoloxía avanzada, Xapón estaría así en capacidade de afrontar a disuasión militar sen necesidade de posuír armamento nuclear.

Por unha banda, existen persoas en Xapón que alegan a necesidade de dotarse de armamento nuclear pero, por outra banda, existen opinións diverxentes. Non obstante, e de cara aos desafíos do novo século, resulta clara a asunción no clima político e social da necesidade de remilitarización do Xapón, algo do cal pouco ou nada se falaba nas últimas décadas.

Conclusión

A discusión sobre a necesidade de afrontar unha política de seguridade para Xapón comezou pouco despois da súa derrota na II Guerra Mundial, incluso antes,

(5) HIDAKA, Yoshiki: *Shigen Sekai Taisen Ga Hajimatta (Empezou a Guerra Mundial polos Recursos)*, Diamond Editorial, 2007.

(6) HIDAKA, Yoshiki: *Shigen Sekai Taisen Ga Hajimatta (Empezou a Guerra Mundial polos Recursos)*, Diamond Editorial, 2007, p22.

unha vez o Imperio xaponés comezara a relacionarse cos países estranxeiros no século XIX e o país iniciou a súa andadura na era moderna.

Na actual sociedade internacional, é inevitable que un Estado afronte a súa potencialidade militar como factor non só de autodefensa, como no caso de Xapón, senón como elemento de política soberana estatal. Así, resulta natural que Xapón tente converterse nunha potencia militar.

Na sociedade xaponesa, principalmente entre a mocidade, comezou a reflexionarse sobre a modificación do artigo 9 da Constitución nacional, a fin de converter o país nunha potencia militar. Dentro de dous anos, cando a Lei de Referendo entre en vigor, os xaponeses decidirán se seguir mantendo o mesmo sistema imperante nos últimos 60 anos, imposto por Estados Unidos, ou ben deciden seguir un camiño máis soberano, especialmente en materia militar.

Resulta común escoitar que Xapón non é unha potencia militar, pero é isto verdade? En caso afirmativo, Xapón non ten a “potencia militar” pero si posúe “a potencia militar para a autodefensa”. En realidade, o país posúe unha potencia militar de primeira orde no mundo. A aviación das FAA dispón de 500 avións de caza e a marítima conta con 152 barcos⁽⁷⁾. No caso de poder utilizalas, Xapón aumentaría a súa presenza na seguridade internacional.

Na miña opinión, se Xapón modifica o artigo 9, alteraríase en gran medida o sistema internacional de seguridade. No caso de continuar coa súa alianza con Estados Unidos, esta sería unha alianza única no mundo que, no caso contrario, obrigaría a un sistema internacional máis equilibrado.

Durante 60 anos, Xapón foi un país pacífico. Non obstante, a razón dos cambios na situación internacional, comezou a formularse a posibilidade de remilitarización. Aínda é unha incógnita se Xapón utilizará a súa eventual potencia militar para afondar un proceso de pacificación mundial e para a súa autodefensa ou, polo contrario, esta potencialidade servirá para propiciar intervencións internacionais. Pero resulta altamente probable que, nos próximos tempos, Xapón elixa o camiño da remilitarización.

Masashi Oki, licenciado en Ciencia Política pola Chuo University,
realiza prácticas no Igadi.

(7) HIDAHA, Yoshiki: *Shigen Sekai Taisen Ga Hajimatta (Empezou a Guerra Mundial de Recursos)*, Diamond Editorial, 2007, p69.